

A REPRESIÓN FRANQUISTA EN CUNTIS. MEMORIA DE 1936.

O PROCESO CONTRA AURELIO REI E OUTROS CUNTIENSES.

Marcos Seixo Pastor


Nin cadeias nin leises o persiguen,
mais nunca será libre.
Os seus brazos sanguentos van atados
ao invisíbel cepo do remorso.
Pra il son as horrendas cárceres do insonno
e as bágoas que levedan as angurias
alucinadas de silencio e noite,
Un escuro terror vaille nas veas
coma cavados mestos rebulindo,
ou coma treponemas sulagados
no transfondo do ser.
Pra il son as olladas derradeiras
que xermolan vindicta
nas revoltas de tódalas estradas.

Celso Emilio. "O asesino", *O soño sulagado*

1.- Introdución

Con este traballo non pretendo facer moito máis que uns breves apuntamentos sobre o contexto represivo do 36 en Cuntis, que coido que pode resultar de interese para os cuntienses e tamén para as persoas alleas ao noso concello como modelo extrapolábel do que aconteceu





Dous momentos do alzamento militar en Cuntis

noutras vilas do país, e ademais por considerar que sempre é de xustiza reproducir os nomes de moitos cuntienses que padeceron as tráxicas consecuencias da súa coherente lealdade e entrega á causa galeguista e republicana. Sobre este tema xa abondou nesta mesma revista e noutras publicacións o historiador e escritor natural de Arcos de Furos, Alfonso Magariños¹. Os seus detallados e ben documentados traballos son unha importante base sobre a que agardo facer achegas de interese para o lector, especialmente tendo en conta que estamos rematando o denominado institucionalmente Ano da Memoria, por cumprirse xa setenta desde o levantamento fascista contra o réxime democrático republicano e o inicio dese longo pesadelo de morte, destrución, fame, medo, opresión..., que durou perto de corenta anos. Como base utilicei tamén as memorias manuscritas de Edilberto Lois *Colonia Penitenciaria del Lazareto de San Simón, Edilberto Lois Couso, preso político de Cuntis*², así como o proceso sumarial contra Aurelio Rei García e outros encausados de Cuntis e mais numerosas fontes orais.³



Tertulia no casino de Cuntis (Aurelio Rei , no centro, en primeiro plano). Ca. 1930

2.- O 36 en Cuntis

O panorama cultural, económico, social e político da vila termal antes do 36 caracterizábase por un bo grao de prosperidade, especialmente durante a II República; prosperidade á que contribuíu en boa medida a eficaz executoria de quen quizais foi o mellor alcalde con que contou Cuntis na súa historia, o canteiro Manuel Rodríguez Sangiao, que ao parecer era fillo natural dun coñecido político pontevedrés, que chegaría a ser deputado republicano e que axudou a Manuel na adquisición dunha boa formación. No ambiente sociocultural é de destacar ademais dun culto e selecto ambiente organizado en torno ao Hotel Balneario (concorrido por coñecidos escritores, xornalistas, maxistrados, políticos...), o labor dunha activa e combativa xuventude que ademais de chegar a fundar xornais de carácter agrarista e anticaciquil e promover actividades poéticas e teatrais (especialmente no caso dalgúns mestres e estudiantes), participaban moi activamente no galeguismo, no esquerdismo republicano e no movemento agrario local, enfrentados ao máis recalcitrante caciquismo representado polo Sindicato Católico Agrario, integrado polos más reaccionarios oligarcas da vila, entre os que non podía faltar o clero, como é o caso de Santia-



go Abuelo Lado, abade da freguesía de Sta. María de Cuntis, e Xosé Toubes Pego, que áinda que era cuntiense (de Laxos) estaba ao cargo da parroquia coruñesa de S. Pedro de Mezonzo, e fora fundador do xornal conservador coruñés *El Ideal Gallego*.

En maior ou menor medida toda esta mocidade da que falábamos sufriu a represión coa sublevación fascista do 18 de xullo de 1936, que comezou en África Francisco Franco, un sinistro xeneral, que fora ascendido dun xeito non moi claro a tan alto grao na xerarquía militar por Miguel Primo de Rivera durante a súa ditadura, sen pararse moito nos procedementos usuais fixados. Mais voltando ao tema que nos ocupa hai que sinalar que no noso concello topámonos con casos de fuxidos, maquis (áinda que no noso caso só coñecemos a presenza dalgún contacto ou enlace), exiliados, deportados, exilio interior, paseados e fusilados, represalias laborais e fiscais...

2.1. Fuxidos:


Foron moitos os cuntienses, que a raíz do levantamento militar e o inicio da guerra decidiron, con maior ou menor motivo (pois, como se viu, toda precaución era pouca), botarse ao monte, áinda que a maior parte o fixeron por un curto período de tempo. O más emblemático dos nosos fuxidos foi Sabino Sueiro, quen para salvagardar a súa vida tivo que pasar trinta e tres tortuosos meses no monte, pasando tempadas oculto na casa. Despois confiando nas falsas promesas do réxime entregouse, sendo encarcerado durante máis de dous anos e chegando a ser condenado a morte, pena commutada pola de cadea perpetua. En calquera caso entre o pago de multas, achegas para os nacionais (moitas veces figuran documentalmente denominadas como axudas *voluntarias*), avogados, intermediarios etc., un home que fixera unha pequena fortuna en América a base de moito esforzo acabou arruinado, e non só economicamente senón tamén física e moralmente.

De todos xeitos, como dicimos, foron bastantes más os perseguidos políticos que andaron polos nosos montes, quizais perto de un

cento, até que foron detidos ou decidiron entregarse (durante un curto período de tempo tamén andou polo monte Xoán Xesús González, mais axiña foi detido e fusilado). Tamén temos constancia da presenza dalgúns fuxidos da Estrada que andaron polos montes das parroquias de Portela, Arcos e Couselo, onde contaron coa solidariedade dalgúns veciños. Así no caso de Manuel Coto Chan, que residía na Estrada, áinda que era de Couselo, onde estivo agochado despois do levantamento, houbo veciños que compartiron con el a súa casa e mesmo os poucos alimentos de que dispuñan, e arriscaron a súa propia seguridade nun nobre e valente xesto que a algunas persoas custoulles un proceso xudicial, interrogatorios, tundas, sancións e o propio cárcere despois de que o fuxido foi detido. Segundo a información do investigador Xoán Carlos Garrido: “En outono do ano 38 píllano xunto con outro que desertara. A un terceiro que estaba con eles mátano logo de ‘ofrecer resistencia’, el e toda a súa familia, xa que ao fin prenden á moza (estará presa até o 46) aos pais, á irmá e aos fillos (estes supoño que non serían detidos senón que os meterían coa nai) e a bastantes veciños de Couselo, acusados de acochalo. A Coto métenlle unha malleira e téñeno nun campo de Concentración en Madrid até que o ceiban pola súa enfermidade e vén morrer á Estrada.”⁴ Na páxina web do propio X. C. Garrido topamos máis información ao respecto:

“Así comezou a persecución [de Manuel Coto Chan e Manuel Campos Vázquez, membros da Xestora Municipal en calidade de 2º e 4º tenentes de alcalde], e ambos os dous foron avisados con tempo suficiente para poñerse a salvo. Manuel Campos ademais de prisión, logo de entregarse, por diferentes detencións posteriores, chegará a estar desterrado en Pamplona. O periplo de Manuel Coto Chan será más duro e rematará por extinguir a súa saúde polas condicións do cativerio, por non dicir de escravitude na que tiñan que traballar para os novos amos. Manuel Coto, quen nacera no 1898 na Pena, en Couselo (Cuntis) e rexentara







Á esquerda o fuxido Sabino Sueiro. Á dereita o artista Uxío Souto, en México



diversos negocios na Arxentina, casa con Ramona Abal de Barrantes e vén residir á florecente vila da Estrada onde abre unha carnicería na Praza de Abastos. Isto ocorre no 1926, cando volven de Arxentina xunto co seu fillo Gerardo. No 28 terán unha filla. Quedará viúvo no 32. E no 34, con motivo da revolta de Asturias é detido e acusado de cortar a liña de telégrafo, ingresando en prisión. No 36 é indultado con motivo do trunfo do Frente Popular, pero o 19 de xullo é avisado de que figura na lista dos falanxistas [tanto na Estrada como noutras concellos, incluído o de Cuntis, os falanxistas elaboraron este tipo de listas negras nas que figuraban os nomes de esquerdistas aos que lles tiñan reservado o final máis adverso] e escapa polo monte de Ferreiros cara Couselo onde estaba a súa casa materna. A súa filla, Lolita, con 9 anos, é interrogada e acosada por falanxistas e mesmo mulleres de Garda Civís, co fin de que confese onde se acochaba o seu pai. Ela sempre afirmaba o mesmo: marchou para Arxentina. O seu fillo, con 17 anos, ingresa no exército para tentar salvar ao seu pai, é a remates da guerra, e finalmente prenden a Coto na casa de Carracedo da Somoza. Estivo preso na Estrada onde entrou atado ao rabo do cabalo do Garda Civil, e logo na Parda en Pontevedra, El Dueso, en Cantabria, e finalmente no Cam-



A obras pictóricas de Uxío Souto *Paso dos Pirineos* (arriba) e *Campo de Concentración* (abaixo) son das que mellor reflicten as súas vivencias da Guerra Civil e o exilio



po de Concentración de Brunete en Madrid, sometido a traballos forzados. Finalmente é indultado en outubro do 45, mais o seu estado de saúde está tan precario que cando chega libre á Estrada, logo de case 10 anos en condicións infrahumanas, falece finalmente con 47 anos de idade.”⁵

2.2. Exiliados:

O exilio que se produce como consecuencia da Guerra Civil constituíu o maior desastre tanto á fuga de cerebros que poderían contribuír ao desenrollo do país en múltiples aspectos. Foron moitos os escritores, xornalistas, xuristas, políticos, científicos, músicos, artistas plásticos..., que tiveron que coller o duro camiño do abandono da súa terra e a súa xente para salvagardar a súa liberdade e mesmo a integridade física. En Cuntis temos o mellor exemplo no caso do pintor e escultor Uxío Souto⁶, bo amigo de intelectuais e activistas locais como Xoán Xesús González, Manuel Mesejo Campos⁷ e Roberto Blanco Torres, cos que compartía o ideario galeguista e esquerdista. Co levantamento Uxío, que nese momento estaba a converterse nun soado artista plástico e exercía como profesor de debuxo no instituto da Estrada, foxe cara a zona leal establecéndose como profesor en Igualada (Barcelona). Rematada a guerra co triunfo do bando franquista vese obrigado a cruzar os Pirineos e permanecer durante un penoso período de tempo nun campo de concentración en Saint Cyprien de Perpignan (Francia); experiencia que deixou unha fonda pegada nel e na súa obra, dado o trato infame, de momento pouco estudiado, que os franceses deron aos nosos exiliados republicanos, amoreados en praias, co mar por un lado e valados de arame de espiños por outro, sen poder saír, padecendo frío e fame, e tendo que soportar o agravio de seren denominados co apelativo despectivo de Exército da Derrota (curiosa ironía chamar así a un exército popular que loitou e resistiu durante tres anos a un exercito profesional axudado coas armas e aviaciòn dos nazis alemáns e os fascistas italianos e coa colaboración da Portugal salazarista). Isto provocou que moitos refuxiados voltaran para

España e foran eliminados. Mais Uxío tivo máis sorte e conseguiu embarcar xunto con outros intelectuais republicanos, entre eles Lorenzo Varela, grazas á intercesión de varios artistas franceses que os axudaron para poder atravesar o océano e instalarse en México (no seu caso para o resto dos seus días), país onde consegue retomar o seu labor artístico e no que a súa obra goza a día de hoxe dun prestixio que, por motivos que todos nós podemos intuír, ainda non se lle tributa na súa propia terra natal. En México tamén estaría exiliado o mestre de Magán Xosé Viéitez, do que falaremos máis abaixo.

2.3. Confinamento na illa de San Simón e outros cárceres

Co alzamento militar enchéronse de presos políticos os cárceres do país, o que fixo que se tivesen que habilitar con esta función moitos edificios: colexiós, mosteiros, mesmo barcos... Neste contexto temos que encadrar a conversión do antigo lazareto das illas de San Simón, nun dos más coñecidos cárceres franquistas a partir de outubro de 1936. Como o número de reclusos medraba de día a día botouse man dun vello buque vasco, o «Upo Mendi», que sería convertido en prisión-flotante a carón do arquipélago. O complexo carcerario non sería fechado até sete anos despois. Compre falar dun enorme estado de ateigamento tanto no lazareto e moito máis no barco que foi un dos motivos, xunto coa péssima e escasa comida, que explica a elevadísima taxa de mortalidade. Nalgúnha etapa chegaron a producirse sobre 10 ou 12 mortes diárias por enfermidade, segundo fontes documentais, sen contar por tanto os que eran destinados ao *paseo*. Sobre o estado de masificación poden ser elocuentes as palabras de dous dos propios presos:

“HERIBERTO: Os pavillóns no lazareto de San Simón estaban distribuídos como salas de hospital, que era o que eran, efectivamente, antes; nesas salas, por exemplo, no



edificio que tiña máis salas eran oito, que era o edificio que daba o oeste da illa, o que esta frente a Vigo, aí había oito salas, en cada sala había oitenta, oitenta persoas durmían en cada sala, así que había nese edificio solo seiscientos e pico, seiscientos e pico homes. Durmían en tres filas, e dicir, a cabeza para a parede dun lado, outros doutro e outros no medio, os pes de uns. Cando había que saír o servizo a veces pisábanse pernas, a veces cabezas, aí pisábase de todo.

PIÑEIRO: Tiñamos trinta e oito centímetros de anchura para durmir. ¡Trinta e oito centímetros nada mais! Alí o que daba a volta no medio da brigada xa quedaba sen sitio. Dábase a volta pero por sistema, ¿entende?, empezaba o da esquina a moverse (vai facendo o sentido dos xiros coas mans seguindo a narración), entonces empezaba todo o mundo durmindo, ras, ras, ras, ras e chegaba a outra esquina. Todo por sistema.”⁸

En 1998 inicianse as obras para a rehabilitación, levadas a cabo polo arquitecto César Portela, co fin de recuperar as illas, nesta xeira cun novo carácter ben distinto do anterior, como espazo destinado ao ámbito cultural. A día de hoxe está sendo usado como o símbolo do proxecto do Ano da Memoria, da Consellería de Cultura e Deportes, con actos como exposicións, congresos, charlas, visitas guiadas...

Voltando ao ano 36, que é o que nos ocupa, os veciños de Cuntis Avelino Ares Villaverde, Manuel Alonso Rodríguez, Antonio Aboi Torres, Francisco Porto Touceda, Pablo Baños Mariño, Xosé Pena Sayáns, Ramón Fuentes Sayáns, Ramón Ferreiro Folgar, Manuel Pisso Villar, Xosé Campos Caneda⁹, Secundino Limeres Campos, Maximino Pardal Fabeiro, Edilberto Lois Couso... foron enviados primeiro á cadea de Caldas de Reis, onde xa estaban retidos o mestre de Xinzo Antonio Ríos Fernández e Pedro Carballo Blanco (sobriño de Roberto Blanco Torres que estivera un tempo agochado na reitoral de Lores protexido polo seu tío o párroco Xermán Blanco Torres), e despois á de Pontevedra e ao antigo lazareto de S. Simón, no que



Á esquerda o mestre de Magán, Xosé Viéitez de Soto. Ádereita Pedro Carballo en S. Simón, onde a pesar de estar preso ocupábase de traballos burocráticos nas oficinas, polo que á súa vida no penal non foi tan dura como a dos outros compañeiros

tamén foron confinados, entre outros cuntienses máis, os mestres Aurelio Rei García (unha persoa moi apreciada na vila termal) e Xosé Viéitez de Soto (que exercía na aldea cuntiense de Magán)¹⁰. Este último non estaba por Cuntis xa que o golpe militar produciuse no verán, en tempo de ferias escolares. Foi detido pola Garda Civil das Neves o 22 de Agosto de 1936, pasando pola prisión de Pontevedra e por San Simón. É posto en liberdade en outubro despois de pagar unha forte multa. Incorpóranlo a filas no bando nacional. Estando no frente facía constantes manifestacións perante os compañeiros nas que criticaba ás autoridades da España *nacional*, denunciando as atrocidades que se estaban cometendo, dicindo que as leis militares eran criminais e que, rematada a guerra, non se podería vivir en España. Foi denunciado por algúñ compañero, xulgado e condenado a pena de morte en xuízo sumarísimo que tivo lugar en Talavera de la Reina, aínda que por sorte conseguiu que quedara reducida a 30 anos de cadea perpetua e a inhabilitación absoluta como mestre. Estivo na cadea de San Cristóbal (Pamplona), en San Simón e no cárcere de Vigo, na rúa do Príncipe.



Nos anos corenta acóllese á amnistía que outorgou o franquismo para moitos presos debido a que as prisións estaban completamente abarrotadas de presos políticos, e estando en liberdade provisional, sospeitando que lle queren dar o *paseo* os falanxistas, como fora o caso do amigo da familia e médico tudense, Darío Álvarez Limeses, pai dun grande amigo seu, decide fuxir. Ao parecer a fuxida organizouse desde Vigo. Axudouno o socialista Pastor Rodríguez, que estivera con el no Penal de San Cristóbal (Pamplona), en Figueirido e en San Simón. Cruzou nunha batea o río Miño á altura de Sela (Arbo), de onde era natural, e na outra beira agardábaoo un médico portugués que o levou a Lisboa no seu coche. Púxoo en contacto con demócratas portugueses que o tiveron agochado en Lisboa. Alí, despois de seis meses pechado nunha pensión, unha organización de dereitos humanos, que se chamaba Unitarium, embarcou nun cargueiro cara a México. Duranteeses seis meses, un mozo portugués chamado Anibal, que era un extraordinario nadador, pasáballe as cartas a nado polo Miño até Sela, agochadas no gorro de baño, para súa muller que vivía alí con Ana, a filla. A súa muller e a súa filla, perante as trabas postas polo réxime, tiveron que agardar dous penosos anos antes de poder ir reunirse con Xosé en México. Dous anos nos que padeceron multas, vexacións, insultos de todo tipo, pancadas e berros na porta da casa a altas horas da noite, continuos rexistros en busca de documentación, detencións, interrogatorios sobre o paradoiro de Xosé... Despois do reencontro coa súa familia, Xosé Viéitez non duraría moitos anos pois estaba bastante tocado fisicamente a causa dos malos tratos e das deplorábeis condicións de vida que padecera na cadea. Morrería no exilio con tan só 46 anos¹¹. Unido á documentación do seu proceso xudicial aparece un documento de apoio e solidariedade co mestre de Magán, asinado por trinta e oito dos corenta veciños que tiña a aldea, proba do moi querido que era naquel lugar, como o era tamén noutros lugares do concello de Cuntis, especialmente por amigos tan entrañábeis como o asasinado Serxio González Paz, en cuxa casa de Pisos (Arcos de Furcos-Cuntis) pasaba con frecuencia animadas horas de conversa.

En S. Simón desaparecería Avelino Ares, sen que en principio



Avelino Ares coa súa familia. Foi asasinado en Pontesampaio





Manuel Alonso, sobriño de Ríos, coa súa muller. No momento en que foi detido só tiña vinte anos

14



se soubese o seu paradoiro (en realidade fora *paseado* e enterrado en Ponte Sampaio, onde continúan os seus restos a día de hoxe). No edificio da Deputación, en febreiro do 37, despois de numerosos interrogatorios e trasladados, tivo lugar un xuízo colectivo. No expediente pedíase a pena de morte ou reclusión a perpetuidade. Algúns dos múltiples encausados foron condenados a cadea perpetua (30 anos) ou a penas que oscilaban entre os 12 e os 20 anos de prisión. O caso de Antonio Ríos é bastante suxestivo, pois foi condenado a tres penas de morte por republicano, axitador de masas, por participar en mitins e outros actos políticos e por rebelión militar, pois é un dos encausados cos que máis se ensañaran algunas das testemuñas, que declararan que ademais de formar parte do Comité de Resistencia andou nun coche cargado de “escopeteiros” requisando armas por diversas parroquias do concello (segundo declaración do dereitista Antolín Mosquera Gómez, cuxo fillo tamén recibiu algunha perdigonada superficial cando membros da resistencia antifranquista da Frente Popular dispararon contra Vitorino Ameixeiras). As penas fóreronlle commutadas pola de cadea perpetua. Estivo, ademais de S. Simón, na prisión de San Cristóbal, e alí estaba xunto co seu sobriño Manuel Alonso cando en 1938 se produciu unha fuxida masiva na que se negou a participar dadas as nulas posibilidades que tiñan de cruzar os Pirineos e sobrevivir. El e outros presos deciden quedar na prisión. Entre os que intentan fuxir estaban o cuntiense Pablo Baños Mariño e Maximino Pardal, mais coñecido como Maximino da Toxeira (de San Mamede). Os poucos evadidos que lograron chegar aos Pirineos sen seren acribillados a tiros polos gardas, morrerían de frío e pola falla de provisións ou foron detidos. Hai quien indica que realmente se tratou do que se vén chamando *lei de fugas*¹², e que perante a multitude de presos que había no penal os militares franquistas decidiron este xeito de exterminio, pois cando chegaron á prisión que consideraban baleira e viron que aínda quedaba xente insultáronos, chamáronles covardes, entre outras cousas, por non teren fuxido, e dispúñanse a fusilarlos cando ao parecer unha monxa se puxo diante deles e conseguiu que desistiran

15





Antonio Ríos co seu fillo (Ca. 1936)

16



Helena Rodríguez, a muller de Ríos


17



de tan macabra intención. Só tres dos setecentos noventa e cinco fugados conseguiron chegar a Francia grazas á axuda do partido político no que militaban, que se encargou de recollelos e conducilos ao outro lado da fronteira. Foi unha das fugas más espectaculares da historia contemporánea española. Estivo dirixida por 30 reclusos e nela participaron 795 presos republicanos que estaban encerrados en condicións infrahumanas na Fortaleza Militar, que albergaba a case 2.500 prisioneiros políticos republicanos que na noite do 22 de maio de 1938 desarmaron a varios gardas e fixérónse coas súas armas. A maioría dos que fuxiron -só había oito navarros- crían que Francia estaba perto. Cincocentos deles foron capturados, pero deles a maioría morreron antes de acabar a guerra civil. Entre eles poderíamos mencionar ao cuntiense Pablo Baños Mariño, de Laxos, que morrería en circunstancias non moi claras en setembro de 1940, e o seu compaño caldense Francisco Búa Carou, que fora Secretario do Concello de Cangas durante a Xestora da Frente Popular e que morrería en xuño do mesmo ano. Cento oitenta e cinco foron asasinados a sangue frío nas horas seguintes á evasión. Xa en tempos recentes algúns dos superviventes acudiron todos os anos a lembrar o episodio e aos seus compañeiros, abatidos a tiros nas ladeiras do monte ou fusilados na Praza do Castelo aos poucos días. Sen embargo, só un deles, o cerebro da evasión, Leopoldo Picó, figurou oficialmente como «fusilado». Douscentos noventa dos reclusos morreron ao pouco tempo de seren detidos e levados de novo á prisión «por enfermedad», segundo a documentación do franquismo. Un monólito na ladeira da montaña, coa inscrición «Por la libertad y la República dieron la vida», lembra aos evadidos.¹³

Antonio Ríos Fernández era natural de Santiago de Compostela mais exerceu como mestre en Xinzo (Cuntis) desde 1917 até 1936. En 1927 casara coa moza de Xinzo Helena Rodríguez Silva.

Ríos, como a maior parte dos encausados de Cuntis, debía ser un bo amigo do escritor e xornalista de Sevil que sería fusilado no 36, Xoán Xesús González, pois cando aquel casa, Xoán Xesús, que assistira ao casamento, reproduce unha extensa nota de sociedade no xornal que el mesmo fundara e dirixía en Compostela, *El País Gallego*:



Antonio Ríos na súa academia

“En la iglesia parroquial de esta villa, santificaron sus amores la bella señorita Elenita Rodríguez Silva, maestra nacional y el culto maestro del término municipal don Antonio Ríos Fernández. Bendijo la union el parroco don Santiago Abuelo y actuaron como padrinos el distinguido industrial de Santiago don Eduardo Ríos Fernandez, hermano del contrayente y la señorita Lola Rodríguez, hermana de la desposada. Firman el acta como testigos el industrial de esta villa don Perfecto Alonso, don Eduardo Fernández, industrial de



HOJA DE SERVICIOS												
Sello de la Mutualidad 5 pesetas												
Provincia de La Coruña												
Número del Registro Personal A 13 E. C. 433/148 Haber anual de 32.280,- pesetas												
D. Antonio Ríos Fernández natural de Santiago de Compostela (La Coruña) nacido el 21 de febrero de 1918												
Posee título de Maestro de Enseñanza Primaria, expedido con la nota de Suficiente en de de 19, y se halla registrado en esta Delegación al folio núm. del libro correspondiente.												
Otros títulos que posee												
Fecha vencimiento de trienios cumplidos Fecha del próximo												
DESTINOS que desempeño o ha desempeñado en el pueblo o provincia que se expresan	FORMA en que obtiene la Escuela	SUELDO en PESETAS	F E C H A S						SERVICIOS			
			del nombramiento			de la posesión			del ceso			en propiedad
		tc	Mes	Año	Día	Mes	Año	Día	Mes	Año	Días	
Gizao-Cuntis (Pontedeume)	Turno	1.000	22	11	917	23	11	917	31	8	918	9 8
En la misma	Ascenso	1.250	14	12	918	1	2	918				
En la misma	Idem	1.500	18	3	918	1	9	918	11	3	920	1 7
En la misma	Idem	2.000	8	6	920	1	4	920	11	3	921	1
En la misma	Idem	2.500	3	1	921	1	4	921	30	6	924	3 3
En la misma	Idem	3.000	27	8	924	1	7	924	13	8	926	2 1 13
En la misma	Idem	4.000	20	11	921	14	8	926	31	8	935	10 17
Servicios reconocidos según sentencia del Tribunal Supremo del 28 de abril de 1.975 del 1 de Septiembre de 1.936 hasta el 21 de Abril de 1.963, ambos inclusivos.												
26 7 11												
Maestro-propietario provisional de Bugallido												
U.E.S. (La Coruña)	Reingreso	16.920	20	4	963	22	4	963	1	11	963	6 10
En la misma	Ascenso	32.280	18	2	964	2	11	963	31	8	964	9 29
Maestro-propietario definitivo de Gándara												
Oroso (La Coruña)	Turno	12.280	22	7	964	1	9	964	21	2	965	5 21
Jubilación												
Suma y sigue..... 42712												
NOTA: Esta hoja tiene que ir sin enmiendas ni raspaduras												

Folla de Servizos de A. Ríos



Santiago, y don Manuel Búa Dopazo, joven maestro nacional. Ostentó la representación judicial el juez suplente don José María Campos. En la morada que posee la novia en la finca Villa Cornide se sirvió a los asistentes al acto un espléndido almuerzo. Entre los numerosos asistentes a la ceremonia recordamos a las bellísimas señoritas María Conchita e Irene Ríos, Merceditas Fernández, Carmiña López, Carmen Nogueira, Carmiña Fernández, Julita y Carmiña Castro, Lolita y Josefina Ochoa Arias, Corina y Consuelo Campos Paz, Emilia, Anita y Mercedes Rodríguez, Maruja Nartallo, Lola y Adoración Silva. La feliz pareja pasará la luna de miel en su finca de Villa Cornide. Hacemos votos porque sea eterna su ventura".¹⁴

Na década dos corenta é posto en liberdade, e ao non poder exercer o ensino público, dada a súa inhabilitación, consegue que lle cedan un local para comezar a dar clases particulares. Terminará sendo o propietario dunha coñecida e prestixiosa academia na rúa do Franco compostelá que non deixará nin sequera cando en abril de 1963 é habilitado novamente, exercendo de xeito provisional como mestre en Bugallido (Ames) e despois con praza definitiva en Gándara (Oroso) a partir de 1964, mais mantendo activa a acreditada Academia Ríos.

Serían bastantes máis os que padeceron a privación da liberdade, como podería ser o caso de Manuel Folgar Rei "Murillo"¹⁵, o gaiteiro de Fontecova, que estivo confinado no cárcere da Coruña. Tamén estiveron presos Manuel Sueiro (que era concelleiro coa República), Raúl Iglesias Villar, Xesús Mesego, Manuel Caeiro, Avelino Torres Fernández (da Casiña)¹⁶, Francisco Sueiro Rodríguez, Francisco Lois Couso, Manuel Aboi Barros, Antonio González, Ramiro Campos, Ramiro Sangiao, Manuel Torres García, Santiago Hervés, Aboi da Bragaña (que requisou armas na parroquia de Estacas)...

Mais a pretensión deste traballo non é relatar todos os casos, porque moitos deles son descoñecidos por mim e noutrós porque non tiven acceso, de momento, ás causas xudiciais.



2.4. Asasinados


Xa mencionamos o caso de Avelino Ares. Pero ademais temos que destacar ao alcalde Manuel Rodríguez Sangiao¹⁷ e Serxio González Paz¹⁸ que foron asasinados despois de entregárense inxenuamente para seren deportados respectivamente a Vila de Cruces e Lalín, de onde non regresaron con vida, pois falanxistas armados fóronos buscar á pensión onde se hospedaban, conducíronos a Costa Carballo, na parroquia de Pazos (Silleda) e alí matáronos o 16 de setembro do 36. Segundo o certificado de defunción¹⁹ morreron de “hemorragia interna”. Foron soterrados en Pazos até que os seus corpos foron recuperados polas familias anos despois e inhumados no cemiterio de Arcos de Furcos (Cuntis). Pola información oral que nos foi facilitada, o alcalde non morreu a causa dun disparo, senón que no momento en que o ían matar conseguiu golpear e arrebatarlle a arma a un dos falanxistas, que ao parecer eran de Cuntis, e facerlles frente. Mais un deles, que ao parecer era falanxista e chofer do propietario do hotel de Cuntis, Martial Campos, e que era o que levaba o vehículo, pegoulle por detrás un forte golpe na cabeza coa manivela de acender o coche e matouno, de seguido mataron dun tiro a Serxio que, resignado co seu ineludíbel final, non ofreceu resistencia.

Remontándonos no tempo, e segundo o testemuño de Sabino que nos foi relatado por Alfonso Magariños, cando os condenaran á deportación Manuel Rodríguez quedou citado con Sabino Sueiro para fuxiren xuntos ao monte antes de que o viñeran buscar para levalo deportado a Vila de Cruces, mais nun último momento debeu acordar e agardou a que foran por el os falanxistas. O mesmo erro que cometeu Serxio González, confiados ambos en que nada tiñan que temer pois non lle fixeran mal a ningúén. Sen embargo Sabino estivo a esperar, e ao ver que non chegaba o seu compañoiro decidiu marchar só. Desde o monte escoitou como da casa do alcalde en Ducío (Arcos de Furcos) proviñan berros e prantos das mulleres, e xa supuxo que ía pasar o peor. Doutro xeito nos contan os feitos os familiares de Manuel



O alcalde republicano M. Rodríguez durante o servizo militar





Serxio González Paz foi asasinado en Silleda xunto co alcalde



Rodríguez, que nos indican que cando o alcalde republicano foi á casa de Sabino á hora convida para fuxir para o monte, este xa marchara só ao considerar que dese xeito tiña máis posibilidades de sobrevivir. Entón M. Rodríguez decidiu voltar para casa e agardar a que os falanxistas viñeran por el, pois considerou que o máis probábel era que non lle pasara nada pois non fixera máis que cumplir co seu deber como autoridade electa. O mesmo argumento esgrimiou xa en Vila de Cruces, estando hospedado nunha pensión. Alí houbo boas persoas que lle indicaron que debía fuxir para preservar a súa vida, pois tiñan información de que ían pasealos; nin el nin Serxio fixeron caso ao consideraren que se os quixeran matar xa o terían feito. Ao parecer a detención do alcalde foi bastante violenta pois os falanxistas mesmo forcexaron coa súa muller, que quería impedir que o levaran. Mais o empurrón que recibiu dos camisas azuis fixo que a afouta muller caera polas escaleiras coa súa filla no colo, que daquela tiña tan só uns meses.

O fillo máis vello do alcalde, chamado Manuel Rodríguez Carballo, foi outra das vítimas mortais do fascismo. Foi destinado a Madrid rematada a guerra, no ano corenta, para facer o servizo militar en Aviación e alí matárono uns falanxistas cuntienses. Estes xa o quixeran liquidar en Cuntis cando nun bar acusou a un dos falanxistas de que o valioso reloxio de peto gravado que levaba pertencia ao seu pai, asasinado catro anos atrás, pois trouxérao de Arxentina (e non só lle roubaran o reloxio a Manuel Rodríguez pai despois de matalo, senón tamén o diñeiro e todo o que levaba de valor, mesmo nun bestial alarde de sadismo arrincáronlle os dentes de ouro). Voltando a Manuel fillo, comentar que no momento en que descubriu o reloxio e llo botou en cara ao que o portaba, quixeron levalo e darlle morte, mais impediuno un deles chamado Asorei, da aldea cuntiense de Vilar. Mais un tempo despois collérono en Madrid sen ninguén que o amparara e déronlle unha covarde e brutal malleira até deixalo por morto. E aínda que non o estaba, pouco durou pois ao cabo dunhas semanas falecía a consecuencia dos estragos internos que lle provocaran as pancadas recibidas. Foi soterrado en Carabanchel.





Manuel Rodríguez Carballo, fillo do alcalde republicano, foi asasinado a golpes cando facía a mili en Madrid

Un caso curioso tamén foi o de Secundino Limeres, sobriño de Serxio González Paz, que non puido aturar máis as condicións de vida en S. Simón nin o ansiedade que lle producía a incerteza de que o seu nome fose pronunciado polos *paseadores* que ían todas as noites nunha lancha a buscar xente para levalos a darlle o *paseo*, unha lancha da que todos coñecían perfectamente o son do motor, que lles causaba pánico, pois nunca sabían a quen levarían ese día. Ao parecer, normalmente ían cando estaban durmindo e chamábanos. Mais ao primeiro pronunciaban só o nome de pía, por exemplo “Xosé”, e no momento en que todos os Xosés estaban mortos de medo pensando que xa lles chegara a hora, dicían os apelidos do ou dos que serían paseados esa noite. Secundino Limeres, xunto a un compaño, tirouse ao mar por un lugar pouco visíbel. Mais debido ás correntes non logrou cruzar a Cesantes como tiña previsto e afogou cando estaba a piques de conseguir o seu anhelado propósito.²⁰ Algún dos seus familiares, que por certo nunca chegaron a recuperar o seu cadáver, desconfía de que



Grupo de presos en S. Simón

Pedro Carballo, á esquerda, xunto con outros reclusos



máis que dun intento de evasión se puido tratar dun asasinato a sangue frío en aplicación da denominada lei de fugas.

Caso non moi claro pero desde logo bastante sospeitoso é o de Pablo Baños Mariño, de Laxos (Cuntis), que desde S. Simón foi enviado ao penal de S. Cristóbal (Pamplona). Tempo despois envíase unha comunicación desde o San

Simón pedindo a posta en liberdade do preso. A contestación que se dá desde Pamplona é que tramitan a orde de liberación do citado recluso xunto coa do caldense Francisco Búa Carou en marzo de 1942, agregando que ambos morreron na enfermería do establecemento penitenciario.

2.5. Outras represalias:

Mellor sorte correron aqueles mestres e funcionarios que unicamente sufrieron sancións económicas, ás veces acompañadas de embargo de bens, e *depuracións* ou inhabilitación para ser funcionarios. Entre eles mencionar a Aurelio Rei García e algúns dos seus fillos. O mesmo sucedeu co mestre de Xinzo Antonio Ríos, que sufriu a depuración permanente como mestre ademais da condena a cadea perpetua, áinda que anos despois logrou poñer unha academia particular



O taberneiro de Meira, Aboi Barros (militante da Unión Socialista Galega) coa súa muller

en Compostela. Tamén foron inhabilitados funcionários municipais como o oficial primeiro Francisco Lois Couso. Ao taberneiro de Meira Manuel Aboi Barros (fara militante dun partido de carácter nacionalista, a Unión Socialista Galega, fundada polo escritor e xornalista natural de Sevil, Xoán Xesús González) deportárono a Carballiño e pecháronlle o local, ao igual que fixeron coa tenda de Ramón Ferreiro, na Presiña. Deportaron tamén a Edilberto Lois en Negreira. Tampouco faltaron tundas brutais a persoas de esquerdas e desmedidos e grotescos cortes de pelo ou mesmo pancadas e insultos en plena rúa a mulleres de familias republicanas para humillalas publicamente. E sorte tiveron de que non lles fixeran como a algunas mulleres doutros lugares, onde se chegou a gravarllas con ácido na frente as siglas da Falanxe. Aos fillos do alcalde Manuel Rodríguez, sempre moi conscientes do que lles tiñan feito, pretendían obrigarllas a cantar o *Cara al sol* na escola, a súa negativa foi motivo de moitas tundas. Isto mesmo pasaba con moitos familiares de represaliados e normalmente accedían a humillarse ás pretensiós dos mestres do Régime, para evitar duros castigos físicos. Humillacións e indiferenza foi o que padeceu a familia de Rodríguez (tan admirado e gabado por todos pouco tempo atrás) e a doutros represaliados. Mesmo se daba o caso, por exemplo, de que na panadería de Pernas, en Cuntis, á filla do que fora alcalde na República lle teñen vendido o pan despois de arrincarlle o currusco, e ao protestar esta por ver que o pan xa estaba encetado, a muller de Pernas indicáballe que se quería o levaba así e senón quedaba sen el, pois non lle daba outro.

Mais houbo moitas outras persoas que padeceron tamén castigos físicos e humillacións. Dada a miña relación persoal penso que cabería mencionar o trato dado ao querido gaiteiro Patelas, que mesmo chegou a recibir unha malleira que case o deixa eivado. Outras persoas que foron moi presionadas foron o director da Banda de Música de Cuntis Xoaquín Escariz, os irmáns Pallas, de Pisos, áinda que destes últimos descoñezo se chegaron a estar en prisión...



3.- O proceso contra Aurelio Rei

Aurelio Marcelino Rei García nacera en Lavadores en 1880. Casou en Cuntis coa tamén mestra Emilia Carou Blanco. Foi Presidente da Asociación de Mestres do Partido Xudicial de Caldas de 1925 a 1929 (polo menos). Tamén foi Tesoureiro da Asociación Provincial de Mestres. Foi mestre da Escola graduada de Cuntis desde principios dos anos 20 ata 1935 (en que se traslada á Graduada de Pontevedra).

Era un mestre moi innovador e cunha grande vocación pedagógica, e así ademais de formar academicamente moitas xeracións de alumnos tamén impulsou no propio centro pola súa conta a formación profesional para que aqueles alumnos que non puideran aspirar a facer estudos universitarios tivesen unha boa base para incorporarse ao mercado laboral. Alí levou a distintos profesionais a ensinar actividades como modelado en arxila, carpintaría, encadernación, repuxado, torneado en madeira, cartografía...

Abaixo no centro, Aurelio Rei cun grupo de teatro que formou con mozos e mozas de Cuntis



30



“Facían mapas en relevo para estudar a xeografía. E para comprender o que eran e como eran Galiza e España, dirixiu no patio da Escola Graduada de Rapaces (da que foi director) a construción dun xardín con forma de Galicia e outro coa forma de España. Este estaba dividido en rexións, separadas unhas das outras por mirtos. Cada rexión tiña os seus cultivos propios e era coidada por un grupo de rapaces. De Madrid saía un surtidor que regaba todo o xardín. Para poder aproveitar aos rapaces que tiñan capacidade para estudar e carecían de medios económicos, creou o que el chamou Cuarta Sección, onde se estudaba aproveitando os mesmos libros para todos eles. Desta aula saíron moitos bachareis, mestres, homes de empresa (...)”²¹

Mais tanto esforzo e dedicación foi pagado polos amantes da guerra e da morte cun duro e ingrato proceso xudicial, unha tempada na prisión de S. Simón ademais dos que tivera que estar agochado como unha alimaña para evitar o peor.

Xerardo Gutiérrez Peón, sargento comandante da Garda Civil de Cuntis xunto co garda Manuel Vázquez Araujo começaron unha serie de indagacións e interrogatorios a instancias dun atestado do Primeiro Xefe da Comandancia de Pontevedra, Xoaquín Velarde Velarde, con data de 24 de outubro de 1936. Tratábase de comprobar a o grao de participación do director da Escola Graduada de Cuntis, Aurelio Rei, na resistencia contra o golpe militar. O atestado di o seguinte:

“Teniendo noticias en esta jefatura de que el director de la Escuela Graduada de Cuntis, D. Aurelio Rey García, predicaba las excelencias del comunismo, asesoraba al Frente Popular, asistiendo a las reuniones de sus directivos en el domicilio del Maestro nacional de Ginzo²², actualmente destituido, y en el comercio de ultramarinos de Ramón Ferreiro, que ha sido clausurado y que el día 20 de Julio último entregó a un vecino de Cuntis un rifle de su propiedad con sus

31



proyectiles, enseñándole el manejo de dicha arma, para que viniera a esta capital con objeto de oponerse, en unión de los elementos marxistas, al glorioso movimiento nacional. Sírvase V. Proceder a instruir el correspondiente atestado para esclarecimiento de los hechos expuestos que remitirá al ilustrísimo Señor Delegado de Orden Público de la provincia de Pontevedra.”

Os gardas citados levaron a cabo un interrogatorio a distintas persoas residentes na vila: Ramiro Campos Piñeiro (médico), Xosé Rubira Proupín (farmacéutico), Marcial Campos García (proprietario do hotel), Xosé Bazaco López (secretario do Concello), Xoán Manzano Miguel (notario), Manuel Paz Rodríguez (veciño de Ríos en Xinzo desde había tres anos, áinda que era natural de Meira), Xerardo Ferreiro Ferro (de Cardecide), Ramón Sotelo Aboi (secretario xudicial), Xoaquín Ferro Toubes (mestre), Severina Sayáns Ocampo²³ ... Esta última, veciña de Cardecide, declara que o seu fillo Xosé Pena Sayáns estaba enfermo na cama cando foron os sucesos, e que o mestre Aurelio Rei foi visitalo e díolle que se erguese pois non se librarián ambos de ir ao cárcere, mais para tranquilizalo engadiu que alí xogarían unhas partidas e o pasarían ben.

Algúns dos interrogados indican que descoñecen se o mestre asistía ás reunións en Xinzo, na casa de do seu colega Antonio Ríos ou en Cuntis na taberna de Ramón Ferreiro, mais todos están ao tanto da entrega do fusil e munición a Xerardo Ferreiro en presenza do médico Ramiro Campos Piñeiro, do notario Xoán Manzano, de Ramón Sotelo e do secretario Xosé Bazaco, todos eles republicanos, áinda que despois algúñ rematou adaptándose á nova situación. En calquera caso do que se tratava era de cumplir as ordes do Comité de Resistencia da Frente Popular que se formou na vila presidido polo alcalde e que andou a incautar armas polas casas para impedir que estiveran en mans de persoas afins á Falanxe. Certo é tamén que ao menos un autocar, un camión e outros vehículos cargados de milicianos republicanos saíron de Cuntis para a capital de provincia para auxiliar ás autoridades civís



A taberna de Ramón Ferreiro, situada fronte ao antigo Concello, era o lugar habitual de reunión dos esquerdistas cuntienses

republicanas, entre os condutores irían dous choferes ben coñecidos no municipio: Manuel Caeiro e Raúl Iglesias.

Pola súa banda Xosé Rubira (definido no sumario como persoa “de indudable adhesión al movimiento militar salvador de la patria”) declarou que Aurelio foi activo participante e propagandista da Frente Popular nas eleccións. Marcial Campos “de significación derechosa” di que ten conceptuado a Aurelio Rei como “perteneciente a partidos de izquierdas y desde que advino la República observó que no cumplía con los deberes religiosos de la Iglesia y que le consta que intervino en las últimas elecciones pidiendo votos para los partidos de izquierda”. Sobre o do fusil declarou que polo 20 de xullo estaba en Lisboa (Praia de Caparica) e non pode dar testemuño directo dos feitos.

Bazaco, secretario do concello, limitase a indicar que viu estes feitos por pasar de casualidade xunto co notario, sen dar máis información que puidera prexudicar ao encausado. Outra actitude menos leal foi a do notario Xoán Manzano que indicou innecesariamente que “le consta por habérselo oido a él personalmente en diferentes ocasiones que, al menos ideológicamente, simpatizaba con el comunismo (...)”



En calquera caso parece que tanto estas dúas testemuñas como o médico Ramiro Campos eran de ideoloxía republicana e áinda que non adoptaron unha postura activa na resistencia, a súa presenza na entrega do fusil non se debeu á casualidade de pasar por alí naquel momento.

Xerardo Ferreiro Ferro, de Cardecide, que fora o que recibira o fusil de mans do director da Graduada, indica, coa clara intención lexítima de zafarse, que axudara á incautación de armas para ir cara a Pontevedra, que o rifle llo entregou voluntariamente Aurelio Rei sen que llo pedisen e que el tivo que aceptalo obrigado polo alcalde. Ben debía supor que a este xa non lle podían facer mal pois estaba en paradoiro descoñecido, morto con toda probabilidade.

Malintencionadas foron as declaracóns do mestre da graduada Xoaquín Ferro Toubes, sobriño do crego Xosé Toubes Pego. Indicou que Aurelio Rei adoitaba ter na súa mesa xornais da Frente Popular:

“y la enseñanza la hacía puramente materialista y en algunas ocasiones ponderaba el régimen soviético. En la calle le he notado siempre que conversaba de asuntos sociales y políticos, ser simpatizante furibundo del Frente Popular, y el veinte de Julio entregó un rifle con municiones a Gerardo Ferreiro Ferro. Asistió al último congreso pedagógico de Trabajadores de la Enseñanza de Vigo, que fue cerrado con un discurso de la Nelken²⁴, a la que él pertenecía como socio.”

E non por casualidade a partir deste momento Xoaquín Ferro Toubes pasou a ocupar a dirección da graduada en substitución do cesado Aurelio Rei. Sen embargo este mesmo declarante fixo de testemuña de descargo do seu parente Xerardo Ferreiro, ao que segundo informa o propio Xoaquín, foi el mesmo quen lle indicou, cando o topou coa arma que lle dera Aurelio, que custodiase ao cura Toubes durante a detención e o traslado á casa do concello, pois confiaba nel e “para evitar algún mal mayor por parte de otros”.



Xerardo Ferreiro, Antonio Ríos e outros ingresaron axiña na prisión de Pontevedra. O sarkento Gutiérrez Peón enviou dous grupos cun garda e falanxistas cuntienses para buscar a Aurelio Rei.

O día 28 o garda Florencio Pavón acompañado do falanxista Cándido Pardal Iglesias (que foi subdirector da banda de música) e por Luís Vidoza Moro e Antolín Mosquera Gómez foi deter na súa casa a Aurelio pero a muller, Emilia Carou, dixo que saíra había un mes cara ao domicilio do seu fillo Emilio Rei Carou, ignorando desde aquela o seu paradoiro. Procedéndose a un minucioso rexistro domiciliario sen éxito. Pola súa parte o outro garda, Manuel Vázquez, acompañado dos falanxistas Xosé Liméns Iglesias e Xosé Chicharro Lajos, dirixiu á casa de Marina Torres Campos²⁵, nora do fuxido, na aldea do Pazo. Alí cachearon todo, alpendres, palleira, cortes, adega, vivenda e faiado, tampouco tiveron éxito. Aínda que no sumario se baralla a posibilidade de que estivese en Compostela, polo que temos entendido de testemuñas orais tiñano agochado os da ferraxaría de Torres na coñecida como casa da Parra, que entón usaban como almacén.

Na causa xudicial contra Aurelio Rei tamén se aporta unha acta de claustro de mestres do centro escolar, datada en 1933. Nela o encausado manifestaba aos outros mestres a necesidade de sacar das enciclopedias Porcell que empregaban os nenos as páxinas dedicadas a Historia Sagrada e as apoloxías da monarquía e da cesada familia real (os Borbóns). Só intentaba seguir o criterio da necesidade dun ensino laico tal como indicaban as autoridades do novo réxime republicano. Os mestres Olimpio Liste Nabeira e Xoaquín Ferro Toubes opónense e piden que se garden as enciclopedias mentres non se poidan conseguir unhas novas sen os contidos mencionados. O director indica que, áínda que tamén consideraba que o ideal era poder usar novos libros, por non haber posibilidade de mercalos, e xa que tiñan no centro un pequeno taller de encadernación, a única opción era sacar as follas referidas e encadernar de novo pois así os libros ficarían como novos, sen contidos contrarios ás indicacóns do novo réxime republicano e sen ningún custo económico; e dese xeito se acabou facendo. Este documento ao parecer facilitado por Xoaquín Ferro pudo ser



decisivo na sentenza da Comisión de Depuración: separación definitiva do servizo e baixa no escalafón (dada o 11-5-1940). No propio 1940 Aurelio solicitálle ao Ministerio de Educación, autorización para poder impartir clases particulares dada a mala situación económica na que o deixaron²⁶. A día de hoxe o colexio de Cuntis e mais a principal rúa da vila levan o nome deste insigne e prezado mestre, que foi o único represaliado político de Cuntis ao que se lle outorgou un merecidísimo recoñecemento público de tal dimensión.

4.- Os disparos contra Vitorino Ameijeiras Fernández²⁷ e outros sucesos

Nos seus traballos Alfonso Magariños indicaba que un dos concentrados frente ao Concello, Avelino Ares, fixera un disparo ao aire coa intención de intimidar a un borracho que pretendía entrar pola forza no concello durante a xornada do día 20 de xullo. Quixera matizar o referente a este feito, do que se nos daban datos recollidos de fontes orais, á luz do proceso xudicial que áinda que non o deixa todo claro pode servirnos para deducir o que pudo pasar. Segundo o informe redactado polo sargento Gutiérrez Peón despois de interrogar ao propio Vitorino, natural de Cequeril e militante falanxista, este manifestou que a súa intervención, no momento en que se estaban a incautar e distribuír as armas ao pobo, fora motivada pola detención dun cidadán de Vilagarcía de ideoloxía fascista (trátase dun tal Carlos Galindo). Neste momento interveu o que axiña se convertería no máis soado fuxido do concello, Sabino Sueiro, da parroquia de Arcos de Furcos, quen segundo o testemuño de Vitorino:

“en forma imperativa e amenazadora ordena a las hordas rojas la detención del declarante que dándose cuenta del peligro emprende una veloz carrera hacia la calle, en cuyo momento oyó la voz de fuego vertida por el citado Sabino Sueiro, notando que quienes hacían los disparos eran Avelino Ares del lugar de Lajos, Maximino de la Tojeira de la parro-

quia de San Mamed, el sobrino de un tal Sergio del lugar de Pisos-Arcos [refirese ao tamén encausado e condenado Secundino Limeres], un tal Aboi de San Mamed que ejercía de presidente de la Sociedad de La Anllada (Oficios Varios) y el municipal Ramiro Sangiao.”

Non parece críbel que en plena fuxida despavorida se decatase con tanta precisión de quen lle disparaba sobre todo tendo en conta que a distancia que percorreu foi de a penas cen metros (que é o que hai aproximadamente desde o antigo Concello, situado a carón do actual bazar de Carlos Pardal até a praza do Ferrol), polo que parece que hai unha intención oculta de incriminar aos mencionados esquerdistas. No que atinxo ao seu mencionado estado de embriaguez, dicir que é bastante probábel dado que entrou só no Concello con acenos violentos e ameazadores, nun momento en que este edificio estaba ateigado de republicanos armados e moi indignados pola situación, e púxose incluso a proferir insultos contra o alcalde e contra outros de xeito insolente e ofensivo.

As feridas que recibiu no momento en que fuxía do intento de detención limitáronse a cinco perdigonazos superficiais dos que foi atendido polo daquela estudiante de Medicina Elías Mareque Fariña. Agachouse na casa de Perfecto Alonso, onde foi detido polo alcalde e polo taberneiro Manuel Aboi, permanecendo retido tan só unhas catorce horas no concello (de 10:30 da mañá do 20 de xullo até as 24 h do mesmo día) até que foi liberado a instancias da intervención de Antolín Mosquera Gómez²⁸, xunto ao cura Xosé Toubes e ao seu cuñado Manuel Ferro Ferro, que tamén estaban detidos. Ningún dos retidos sufriu danos e nen sequera foron sometidos a interrogatorio. Ao parecer neste momento élle facilitado a Toubes un vehículo polo alcalde para evitar posíbeis represalias.²⁹

Nas súas declaracions Vitorino non se priva de citar un bo número de persoas que considera os líderes da resistencia contra o *glorioso movimiento*: Xosé Pena Sayáns, o seu curmán Ramón Sayáns, Pedro Carballo, Antonio Ríos Fernández, o seu sobriño Manuel



Alonso³⁰, Aurelio Rei, o seu fillo Aurelio Severino, o seu xenro Manuel Torres García, o alcalde Manuel Rodríguez, Serxio González, Sabino Sueiro e Manuel Aboi. Indica que o local de reunión dos esquerdistas era a taberna de Ramón Ferreiro. Tamén se menciona como membro activo contra o movemento militar ao chofer e propietario do coche de servizo público Raúl Iglesias Villar. Por omisión involuntaria, segundo o documento, faise constar que “los que contribuyeron con entusiasmo a inculcar en las masas rojas el espíritu en contra del movimiento militar son los hermanos Francisco y Edilberto Lois, el primero oficial del Ayuntamiento de esta localidad y el segundo un marcadísimo socialista”.

Tamén declaran sobre este asunto Henrique Pardal e Manuel Pernas Paz. Este último ademais de declarar sobre o suceso indica quen foron os *cabezas* da resistencia incluíndo a Aurelio Rei e o seu fillo Aurelio Severino. Destes declara que “al paso de las milicias socialistas que formando columna en camiones con armas de fuego que se dirigían hacia Pontevedra³¹, levantaban los puños en alto en recto [sic.] amenazador”. Posteriormente declaran Cándido Pardal Iglesias, o cura Xosé Toubes Pego, Xosé Rodríguez López (de Campo), o médico Ramiro Campos, o comerciante Antonio Gómez Arca, Pablo Baños Mariño, Secundino Limeres e Avelino Ares Villaverde (tres dos denunciados)…

Antonio Gómez Arca, que participara na concentración armada en defensa da República, presentouse voluntariamente a declarar. O que conta resulta un pouco inverosímil: que ao ver que disparaban contra Vitorino, el mesmo intentou persuadir da súa intención aos agresores facendo dous disparos intimidatorios ao aire, que non serviron de nada, e que posteriormente vixiou a casa de Perfecto Alonso para salvagardar a integridade de Vitorino, ali agochado. Unicamente deixou que fosse o propio alcalde quen entrara a detelo pois non se fiaba dalgúns outros. Indica que había catro sectores ou comités entre os concentrados, un formado por Serxio González e Sabino Sueiro (os cales son cualificados de masóns en distintos documentos do sumario³²), outro formado por Antonio Ríos e o alcalde Rodríguez (que segundo o de-

clarante: “eran los que contenían los intentos de atropello y privaciones de libertad”) e un terceiro composto polo anarquista Aboi de San Mamede (Antonio Aboi Torres), presidente da Sociedade obreira da Anllada e o seu secretario, de apelido Porto (sen dúbida trátase do encausado Francisco Porto Touceda, de quen indican algunas testemuñas que portaba un sable). O outro comité, segundo o declarante, formábanlo o avogado Xosé Pena Sayáns (era irmán do mestre Manuel Pena Sayáns que fora militante da Unión Socialista Galega de Xoán Xesús González), Pedro Carballo e Edilberto Lois (do PSOE), que xunto con Sabino e Serxio foran a Pontevedra para entrevistarse co Gobernador Civil e traer armas. Ao regreso entregáronlle ao declarante varios cartuchos. Declara tamén que perante a actitude hostil do grupo socialista da Anllada³³, o alcalde remata por abandonar o liderado da resistencia contra o fascismo, quedando á frente Sabino Sueiro. En todo momento defende a actitude do alcalde insistindo en que efectuou a requisa de armas seguindo as ordes que recibiu telegraficamente do Gobernador Civil.

Polo que vemos este declarante intenta zafarse de todo tipo de responsabilidades perante as novas autoridades ditatoriais. Mais pon de manifesto a escasa preparación e coordinación que había entre os membros republicanos na defensa do réxime lexítimo, debido sen dúbida ao desconcerto, confusión e sorpresa que provocou o golpe militar.

Na declaración de Pablo Baños, coa clara intención de evadir responsabilidades que puideran prexudicalo, di que participou nos feitos por medo ao alcalde (ben debía supor que o alcalde Rodríguez estaba morto e que as declaracíons xa non lle podían prexudicar) e que o autor do disparo contra Vitoriano foi Avelino Ares, mais que foi debido a que se lle disparou a arma accidentalmente.

Secundino Limeres, do Caeiro (Arcos), sen dúbida movido polo medo a unha represalia severa e violenta declara que foi cara a Pontevedra obrigado xunto con outros cuntienses armados con escopetas e capitaneados por Porto Touceda (do Loureiro-Portela).

Avelino Ares indica que Vitorino se presentara no concello en actitude ameazadora polo que intentaron detelo, fuxindo cara á casa





Francisco Porto Touceda foi quen capitaneou a expedición de cuntienses armados en dirección a Pontevedra para loitar pola defensa da República (fotografía tomada durante o servizo militar en 1928)

40

de Perfecto Alonso, polo que fixeron disparos intimidatorios, entre outros, Ramiro Sangiao, para asustalo. Aao parecer, segundo este declarante, no momento da fuxida de Vitorino os cidadáns que estaban ali iniciaron a persecución un pouco apretados polas escaleiras e porta “y debido a la forma atropellada tropezaron algunos sobre su escopeta que inclinándola con el cañón hacia delante y en posición horizontal se le disparó el arma (...) cuyo tiro no hirió a nadie”. Tamén di que non sabe que persoas estaban armadas na rúa pois ten un problema na vista e ve con moita dificultade.

Edilberto Lois foi preguntado pola detención de Xosé Toubes e Manuel Ferro, contestando que non sabe nada diso e que o que si veu foi o coche dun tal Caeiro (en referencia ao coñecido chofer Manuel Caeiro) que se dirixía a Pontevedra con xente da Anllada armada. Outras testemuñas afirman que viron a Raúl Iglesias conducindo un vehículo con milicianos armados. Foron varios os vehículos que se dirixiron a Pontevedra para intentar impedir que as tropas franquistas tomaran a cidade, e ademais do autocar que conducían Caeiro e mais Raúl tamén ían autos pequenos cheos de xente. En calquera caso chegaron tarde, cando xa dimitira o Gobernador Civil e a cidade estaba xa en mans dos militares e a falanxe, e terminaron dando a volta, como lles pasou aos de Lalín, Bueu, A Estrada e aos doutras moitas localidades da provincia.

Aurelio Rei García que considerando que pasara un tempo prudencial decidira entregarse, presta declaración por dúas veces. A segunda delas, seguramente a instancias dalgún avogado ou persoa con algúns coñecementos xurídicos, para matizar enxeñosamente que a arma que entregou foi para a defensa do arquivo municipal da xente armada e por orde do xuíz municipal, señor Pena. Facilita tamén o nome doutros cuntienses que fixeron o mesmo, algúns deles xente de dereitas: Antonio Gómez Arca, dúas escopetas; Antolín Mosquera, un rifle; Santiago Martínez Garrido, unha escopeta; Xosé Escariz Magán, unha escopeta; Luís Seoane Verea, unha escopeta; Manuel Pernas Paz, unha pistola; Manuel Reboreda Campos, outra; Avelino Rei, outra; Manuel Foxo Rivas, outra; Xosé Fernández Torres, outra; Xosé Campos Rodríguez,



41





Raúl Iglesias, un dos choferes que saíu cara a Pontevedra con republicanos armados para defender a República

42



Ramón Ferreiro (á esquerda), xunto cuns amigos. No centro o médico Gabriel Porto (que tiña consulta no seu local da presiña) coa filla de Ramón

43

unha escopeta; Marcial Fuentes Castro, outra; Casimiro Fernández, outra; Emilio Pazo Picallo, outra; Antonio Silva Rivas, outra, Donato Bascoi Pérez, outra; indicando que non o facían para oponerse ao “movimento salvador de la patria”. Esta intelixente declaración, que non afectaba negativamente a ningúen, puido ser moi importante para a atenuación de responsabilidades durante o seu proceso. O certo é que tanto el como os seus fillos eran de tendencia esquerdistas e foron obxectivo da saña fascista, e así o seu fillo Aurelio Severino Rei Carou sería un dos nada menos que corenta e nove mestres *depurados* na bisbarra do Deza, pois exercía a docencia na parroquia de Arnego (Rodeiro). Tamén sufriu represalias outro dos seus fillos, Emilio, e o seu xenro Manuel Torres García.

Durante o tempo que durou a resistencia correu o rumor de que en Cequeril estaban Xoán Xesús González e un tal Escariz (quizá se refira ao músico de ideoloxía republicana Xoaquín Escariz, fundador da Banda de Música de Cuntis) cunha camioneta recrutando xente e que pretendían ir a por Marcial Campos García, supонse que para liquidalo. Todo foi un mito pois Marcial Campos andaba de vacacións en Portugal e Xoán Xesús estaba ao mando da resistencia democrática en Compostela.

En conclusión, Gutiérrez Peón decide proceder á detención do comité representativo da Frente Popular formado segundo el: polos socialistas, José Pena Sayáns, Ramón Fuentes, Edilberto Lois; pola sociedade de resistencia de Oficios Varios de Cuntis e contornos Francisco Porto Touceda, Antonio Aboi Torres; como autores dos disparos, Avelino Ares Villaverde³⁴, Secundino Limeres Campos, Maximino Pardal Fabeiro, Pablo Baños Mariño (que morrería na prisión de San Cristóbal, en Pamplona, en 1940)³⁵ e Manuel Alonso Rodríguez. Por dedicarse á carga de cartuchos detense a Manuel Pisos Villar e Xosé Campos (ambos de Furcos) e como fomentador de reunións clandestinas a Ramón Ferreiro. Polo que respecta a outros como Antonio Ríos, Pedro Carballo, Sabino Sueiro, Francisco Lois³⁶, Serxio González e Manuel Aboi, por estar xa detido o primeiro, desaparecido o segundo e terceiro (Carballo estaba agochado na reitoral de Lores protexido

polo seu tío o párroco Xermán Blanco Torres, e Sabino botárase ao monte, o que lle salvou a vida) e deportados en Negreira, Lalín e Carballiño respectivamente os tres restantes, non puideron ser detidos nese intre. Serxio González xa fora asasinado en Silleda xunto co alcalde Manuel Rodríguez (deportado en Vila de Cruces).

Os reos foron conducidos ao cárcere de Caldas de Reis e logo ao lazareto de San Simón, onde permaneceron até o 19 de novembro en que foron levados por orde do xuíz instructor a Pontevedra, sendo encarcerados no instituto vello que se usou como cadea para presos políticos mentres duraba o xuízo colectivo no edificio da Deputación. Todo foi un ir e vir de S. Simón ao instituto vello ou á prisión Provincial até a resolución en febreiro de 1937. As declaracóns de Antonio Ríos son claras e concluíntes, que ignora os motivos da súa detención pois o único que fixo, tanto el como os seus compañeiros, foi acudir a unha chamada do alcalde para manter a orde nuns momentos de confusión. No xuízo os encausados procuraron lexitimamente dirimir culpas acusando a aqueles que consideraban mortos ou desaparecidos como cabezas da incautación de armas, especialmente ao alcalde, mais tamén a Serxio e a Sabino.

Despois disto o xuíz instructor envía un oficio ao cuartel de Cuntis interesándose pola busca e captura de Ramiro Sangiao e outro a Lalín para localizar a Serxio González e Manuel Rodríguez, que aínda que el non o sabía xa foran *paseados*. De Serxio indícase hipocritamente desde o cuartel de Lalín, con data de 28 de novembro, que fuxira da pensión en que se hospedaba o día 15 de setembro (o día antes de ser asasinado). O 21 de novembro foi detido Ramiro Campos na súa casa da Casiña (Arcos de Furcos-Cuntis), onde tiña unha taberna, pois algúns dos encausados o implicaba nos actos do 20 de xullo, e levado á cadea de Pontevedra. Ramiro Campos era un destacado esquerdistas que segundo o testemuño dalgúns dos declarantes no sumario estivo armado no concello e na taberna de Ramón Ferreiro (a arma fóralle incautada ao alguacil do xulgado Miguel Ares Rei), xunto co alcalde Rodríguez, Sabino Sueiro e Serxio González, todos eles tertulianos






Á esquerda Aurelio Rei. Á dereita o alcalde M. Rodríguez

habituais da súa taberna da Casiña rexentada por el, e da de Ramón Ferreiro. Pola súa parte o municipal R. Sangiao declara que todo o que fixo foi obedecer as ordes do alcalde como municipal e por temor a ser fusilado. É curioso que todas as testemuñas declaran favoravelmente ao municipal mentres que este non se priva de mencionar nomes á hora de saldar responsabilidades. Segundo parece foi encargado de acudir ao convento das monxas bieitas para tranquilizalas, ofrecéndose ademais para custodialas por indicación do alcalde.

Finalmente, aínda que no expediente pedíase a pena de morte ou reclusión a perpetuidade, a sentencia quedou reducida, como xa indicamos liñas arriba, a cadea perpetua para algúns ou a penas que oscilaban entre os 12 e os 20 anos de prisión, que co tempo foron sendo reducidas perante o insostíbel estado de ateigamento que presentaban todas as cadeas. Non foi por tanto un acto de xenerosidade do réxime, senón de busca dun alivio para a súa economía, dado o custo que lle estaban a supor os presos. Aínda que tamén é certo que en moitos casos eran unha fonte de riquezas, pois os condenados a traballos forzados eran unha man de obra gratuita que mesmo enxendrou fortunas entre algúns empresarios sen moitos escrúpulos.



De pé, o taberneiro da Casiña, Ramiro Campos. O seu local tamén era centro de reunión de republicanos da zona (ca. 1930)



5.- Algúns outros casos relacionados coa represión en Cuntis

Se temos que ser un pouco exhaustivos teríamos que mencionar o caso doutros represaliados que áinda non sendo propriamente cuntienses de nacemento si teñen unha importante transcendencia a nivel local como é o caso do que foi quizais o director máis importante que tivo a Banda Municipal de Cuntis. Estámonos a referir a Hixinio Cambeses Carrera³⁷, quen aos poucos días do comezo das detencións formou en Viveiro, onde vivía naquel entón, unha Comisión de Axuda aos Presos políticos xunto co mestre e membro das Mocidades Galeguistas Xosé Gueimunde López, comisión que durou moi pouco, pois axiña foi disolta por orde do comandante militar da praza. Posteriormente sería detido, encausado e suspendido de emprego como director da Banda de Música de Viveiro e de profesor da Escola de Música Municipal. Foi director da banda de Cuntis entre 1943 e 1948. Era natural de Antas (A Lama). Todos o recordan como un gran músico, compositor e director. Fixo grandes amizades no pobo. Compoñía moitos dos temas que tocaba a banda: o pasodoble do “Zumba Loureiro”, a xota “Campanas de Oro”, ou a peza “A noite do Santo Cristo”, “Flores de la Calle” e os pasodobres dos pasarrúas, que eran todos da súa autoría e mantiña sen títulos. Este home coñecía ben os seus músicos, e nos temas que compoñía, procuraba cargar nos instrumentos mellor manexados (así cargaba nas trompetas en determinadas pezas). Foi unha persoa innovadora, foi o responsable de introducir as gaitas na banda. En Cuntis había moi bos gaiteiros polas aldeas e Cambeses axudouse da súa destreza para introducir o instrumento tradicional na banda de Cuntis. Desta maneira converteuse na primeira banda popular galega (non militar) que incorporou gaitas na súa formación. Incorporou tamén un novo uniforme de verán moi vistoso con *sahariana* e gorra branca. Isto fixo que foran coñecidos popularmente, como O Terzo Branco. Nos descansos da banda, tocaban os gaiteiros sos. Lembremos a letra do que fora en todo Cuntis un pasodoble de grande popularidade:



Á esquerda Hixinio Cambeses. Á dereita o seu colega Xoaquín Escariz. Ambos foron directores de Banda de Cuntis, e o segundo ademais fora o fundador. Ambos sufrieron a represión do franquismo

Somos de Róncaleopeito,
compañía Xan Fungueiro,
parentes de Carabuñas,
familia Zumba Loureiro.

Cantamos, aturuxamos,
temos cunchas e cuncheiros,
ferriñas e tamboriles,
foles, gaitas e gaiteiros.

Somos da vila de Cuntis,
onde a iajua sae fervendo
e os chorros curan á xente
aínda que veñan morrendo.

No 1948 marchou para Padrón como director da Banda Municipal, pero seguiu vindo continuamente a Cuntis, onde tiña moitos amigos. Sufría manía persecutoria. Quedara tocado debido á presión e ao



medo a que fora sometido despois do alzamento militar do 36, con continuas detencións, malleiras e sancións laborais e económicas. Estando en Cuntis metíanselle cousas na cabeza, como que lle querían pegar ou matar. O certo era que lle tiña medo aos falanxistas e por iso, xa estando na banda de Padrón, cando viña a Cuntis durmía na fonda de Calveiro, pois era amigo de Baldomero Andrade, que militaba na Falanxe, e na súa casa sentíase máis seguro.

Polo ano 48 ou 49 quíxose suicidar cortando a xugular cun *blíster* de pastillas; despois tirouse desde o balcón da casa de Calveiro. Malferido, arrastrouse até a fonte da plazoleta³⁸, onde foi topado ao amencer polo sancristán. Trasladárono ao hospital de Pontevedra, onde, unha vez recuperado aganouse cunha saba. Sen dúbida áinda que cos debidos matices teríamos que consideralo unha vítima mortal do franquismo.

Por outra banda habería que ter en conta o numeroso de mortos que apareceron nas nosas cunetas. O lugar máis habitual para as execucións e torturas era a ponte Taboada. Unha testemuña oral da aldea cuntiense de Castrolandín contounos como unha noite regresando de Moraña de levar a vaca ao boi, chegando á ponte Taboada o animal comezou a poñerse nervioso, a recuar e berrar. Axiña se decatou a moza do que sucedía: ouviu tiros... andaban a matar xente no camiño que indo de Moraña a Cuntis antes de chegar á ponte se mete á dereita, polo que decidiu dar unha longa volta aatrás e ir por Santa Cruz de Lamas (Moraña) e Troáns (Cuntis) para non ter que pasar por diante do arrepiante espectáculo e por medo ao que lle puideran facer. Mais teñen aparecido cadáveres de descoñecidos tamén noutros lugares do concello, sen que se saiba nalgún caso de quen se tratava dado o seu estado de descomposición.

6.- Coda

Polo que podemos comprobar tanto en Cuntis como na práctica totalidade dos concellos os do bando gañador da guerra ademais

de facerse co poder dun xeito totalmente ilexitimo dado que se impuxo pola forza e contra o goberno votado nas urnas por vontade popular, non contentos con esta ilegal toma de poder na que en Galiza apenas tiveron resistencia propriamente bélica, exerceron unha desmesurada represión contra os vencidos polo mero feito de causar sufrimento e *escarmentar* aos que tiñan cargos públicos nos tempos da República ou a aqueles que no momento que viron en perigo o sistema democrático, e obedecendo ordes superiores dos cargos lexítimos republicanos, se organizaron para manter a orde, nos primeiros momentos de confusión, requisando armas para impedir que se cometieran barbaridades. En Cuntis non houbo ningún descontrol, non se queimaron edificacións relixiosas, nin se asasinou a ningún dos que podían supor un perigo para a República. É máis, áinda que se retivo ao cura Toubes, a M. Ferro e un par de falanxistas máis, ninguén lles fixo dano e foron postos en liberdade logo dunhas horas. Mesmo se protexeu o convento bieito; o propio alcalde facilitoulle a fuxida ao cura Toubes; e Serxio González, que logo sería asasinado, deulle protección ao ultradereitista cura párroco Santiago Abuelo Lado. Xenerosidade que foi recompensada con homicidios, agoniantes procesos sumarísimos, longas penas de cadea, sancións económicas e/ou laborais que deixaron na ruína algunas das más honradas familias do concello, e un longo ronsel de viúvas e orfos. Non só debemos falar das penalidades dos que foron eliminados e as súas familias senón tamén dos moitos que pasaron longos períodos de tempo privados da liberdade, en precarias condicións hixiénicas, soportando a angustiosa humidade, o frío invernal, e o amoreamento humano das prisións nas que estaban deitados polo chan case sen espazo para moverse...; estas circunstancias orixinaban graves doenças que en moitas ocasións acababan na morte de reclusos (sobre todo dos de máis idade), especialmente por tuberculose, bronquite, arrebatos de loucura que en ocasións remataban en suicidio, pneumonías, descomposicións (en S. Simón eran moi frecuentes debido ás bazofias que preparaban cos berberechos recollidos polos propios presos na praia, que teñen dado lugar a mortes por deshidratación), unha escasa e deficiente alimentación³⁹ ... Result-



tan incomprendíbeis tamén as sancións económicas ademais das físicas impostas mesmo ás familias dos que xa foran executados, por medio dunha penalización en metálico que na maioría dos casos, dada a enorme contía das multas, remataba en embargo de propiedades por non poder satisfacelas, ou a puxa dos bens, que case sempre terminaban en mans dos más sinistros facciosos.

É unha triste evidencia que os franquistas nin souberon encaixar a derrota democrática nin souberon ser minimamente xenerosos con quen consideraron o seu inimigo cando xa o tiñan vencido pola vía militar, e a pesar de que foron eles os que se levantaron contra o réxime constitucional, acusaron paradóxica e absurdamente de rebelión a aqueles que únicamente intentaron manter a orde durante os primeiros momentos da insurrección fascista, cando os únicos rebeldes e traidores foron eles mesmos, os alzados.

Penso que hoxe ningúen desexa que se repitan situacions como aquellas e que traballos deste tipo, traten o tema desde unha perspectiva global ou local, como é o caso, non deben ser considerados un xeito de meter máis leña ao lume senón de coñecer uns feitos históricos e uns errores históricos que non deben voltar a se repetir. Por outra banda tamén é unha maneira de render unha homenaxe aos que pugnaron por un mundo mellor, sen mordazas, sen crimes de Estado, áinda que no intento deixaran a vida ou moitos anos de sufrimento e falta de liberdade. A todos eles e elas e ás súas familias vai dedicado este traballo.

Quixería manifestar que considero esencial a retirada da simboloxía franquista dos nosos ruios, edificios públicos... Sen embargo penso que é unha iniciativa que compre facela desde a lexitimidade (como se fixo en Alemania, Italia...) e non de xeito clandestino e moi meno deteriorando o noso patrimonio arquitectónico. Creo que todos nos temos que felicitar pola aprobación por parte do parlamento galego da proposición non de lei do BNG (co voto a favor de socialistas e a abstención do PP, que só aceptou o punto polo que se acorda facer un recoñecemento especial da figura de Bóveda na elaboración e impulso do Estatuto de 1936). A proposta aprobada

inclúe que se adopten medidas para que se retiren progresivamente dos edificios e centros da administración as denominacións que fagan referencia a figuras ou feitos relacionados co franquismo e a rehabilitación xurídica, persoal e moral de Alexandre Bóveda e de todos os asasinados e represaliados polo franquismo.

NOTAS

1 MAGARIÑOS SUEIRO. A., “Represión e morte en Cuntis durante a Guerra Civil e a posguerra. O caso do fuxido Sabino Sueiro”, *A Taboada* (Cuntis-Moraña), nº 5, xullo 2002. Id., “A administración municipal no concello de Cuntis entre 1936 e 1953”, *A Taboada* nº 7, xullo 2003.

2 Documento que me foi facilitado por Antonio Lois, fillo do autor. Edilberto Lois foi veciño *porta con porta* do autor deste traballo. Recórdo-o como unha persoa agarimosa, cordial e moi comunicativa. Sen embargo o seu testemuño sobre os anos que pasou en prisión, debido ao seu ideario esquierdista, eran descoñecidos para mim até que o seu fillo Antonio, despois de morto Edilberto, me facilitou as fotocopias dun folleto manuscrito titulado *Colonia penitenciaria del lazareto de San Simón* por Edilberto Lois Couso, preso político de Cuntis, 1936-37-40. Neste folleto, que tamén foi utilizado por Alfonso Magariños nos seus traballos, puiden topar datos de interese sobre o alzamento fascista en Cuntis e sobre o destino de boa parte dos represaliados, pois relata toda a súa peripécia xudicial e penal e a dos seus compañeiros, desde a súa detención ata a posta en liberdade (se é que se lle puidera chamar liberdade ao vivir naqueles tempos de opresión).

3 O meu agradecemento tamén a Xoán Carlos Garrido Couceiro por facilitarme a documentación do proceso, e tamén pola súa testemuña oral a varias persoas, entre elas a familia de Manuel Rodríguez. Tamén polas achegas gráficas e documentais a Pedro Carballo (fillo) e familiares de Sabino Sueiro, Serxio González Paz, Ramón Ferreiro, Antonio Ríos, Manuel Alonso, Avelino Ares Villaverde, Raúl Iglesias, Uxío Souto...

4 Información oral facilitada por Xoán Carlos Garrido.

5 <http://www.blogoteca.com/autoestrada/> Páxina Web de Xoán Carlos Garrido Couceiro, visitada o 3 de novembro de 2006,

6 Cf. FERREIRO COUSO, M. –PAZOS TOURÍNO, B., “Uxío Souto ou a conciencia do propio”, *A Taboada* nº 4 (Cuntis-Moraña, xullo 2003)

7 Cf. SEIXO PASTOR, M., “Os nosos xornalistas. Manuel Mesejo, o poeta de Guldrís”, *A Taboada*, nº 4, (Cuntis- Moraña, decembro de 2001).

8 CAEIRO, A.- GONZÁLEZ, J. A.-SAA, C. M^a DE, *Aillados. A memoria dos presos de 1936 na Illa de San Simón*, eds. Ir Indo (Vigo, 1995), pp. 19-20.



9 Xosé Campos e Manuel Pisos Villar eran de Furco (este último tiña unha armería na Anllada), ambos requisaron armas en San Mamede na casa da mestra, na de Manuel Blanco e na dun tal Fernández.

10 Ibid., p. 286.

11 Testemuña oral da súa filla Ana Viéitez. Ao parecer, tempo despois de morrer Xosé, a muller e a filla regresaron do exilio e instaláronse en Madrid. A día de hoxe Ana é presidenta da Asociación de Familiares y Amigos de Represaliados (AFAR II República), desde a que leva a cabo un teimudo labor para que o franquismo sexa condenado institucionalmente, que os seus sinistros personaxes desaparezan do río das nosas cidades e vilas, a nulidade dos consellos de guerra franquistas e a rehabilitación dos represaliados.

12 Normalmente a lei de fugas consistía en deixalos marchar ou mesmo obrigalos a facelo, para deste xeito dispararlos alegando que fora para evitar a fuxida.

13 Cf. <http://www.pueblos-espana.org/navarra/navarra/ujue/Jacinto+Ochoa,+sindicalista+y+luchador/>

14 "De Cuntis", *El País Gallego* (Santiago, 11/04/1927), p. 9.

15 Estando un día Manuel Folgar pintando a fachada do hotel de Cuntis, pasaba polo lugar o coñecido taxista local Manolo Escariz, que era un home moi cordial e pavero, e que por meterse co gaiteiro e pintor exclamou: "Coñó, Murillo!". Ao que o de Fontecova respondeu "Cala ti, Orellas" (e de certo que Escariz tiña unhas orellas dun tamaño considerábel). O feito e que desde aquela os dous quedaron para sempre bautizados con eses característicos alcumes.

16 Foi a Pontevedra co alcalde cando foron a recibir instrucións do Gobernador Civil (o condutor era o fillo dun tal Castro). Foi tamén armado xunto con Serxio González, Antonio Ríos, Manuel Rodríguez..., á capital cando foron defensa das autoridades civís.

17 Cf. MAGARIÑOS SUEIRO. A., "Represión e morte en Cuntis durante a Guerra Civil e a posguerra. O caso do fuxido Sabino Sueiro", cit.

18 Ao parecer debeu de ser unha persoa verbalmente bastante radical e sen pelos na lingua, pois del fálase en *El País* de Pontevedra nun ton crítico polas súas palabras durante un mitin do Partido Republicano Radical Socialista organizado en Cuntis, e no que tamén interveu o alcalde Rodríguez: "El domingo se celebró en esta villa un mitin organizado por el Partido Radical-Socialista. Durante el acto se produjeron varios incidentes. Causó desagradable efecto en el público la presentación de los oradores hecha por un señor llamado Sergio González, que acabó sus palabras pronunciando conceptos que no nos atrevemos a transcribir y que fueron rechazados por el público, dando lugar incluso a que el alcalde subiera a la tribuna para desvirtuar aquellas manifestaciones. Es lamentable que en la propaganda republicana participen hombres incapaces de comprender el valor de las frases que pronuncian". CORRESPONSAL "Cuntis. El mitin Radical-Socialista", *El País* (Pontevedra 26-1-1933), p. 3.

19 Que me foi fornecido por Manuel Igrexas.

20 Descoñezo se este intento de evasión é o que sen os relata Xosé António Orge, pois, aínda que omite os nomes, posúe moitas coincidencias cun intento que leva na cabo dous presos, un deles de Mugardos. Neste caso un deles morre afogado e o outro consegue cruzar e pedir axudan nunha casa en Cesantes. O propietario da casa non só non lle prestou auxilio senón que deu aviso á Garda Civil, que o conduciu de novo á illa onde foi executado case inmediatamente. ORGE QUINTEIRO, J.A., *As illas de S. Simón. Aproximación á súa Historia*. Xunta de Galicia 1998, pp.151, 152.

21 <http://centros.edu.xunta.es/cuntisci/DATCOLE/MMEDIA/IMAG/COLE/Aurelio.jpg>. Páxina Web visitada o día 5 de novembro de 2006.

22 Trátase de Antonio Ríos Fernández.

23 Irmá do intelectual e escritor cuntiense, daquela xa finado, Elisardo Sayáns Ocampo, que fora un grande amigo de Xoán Xesús González, que o chegou a definir como un "cruzado da santa causa galega que abandonou o mundo cando as vanguardas que habían de seguiu estaban en pleno período de xestación". Con todo a intervención Severina debeuse a que o seu fillo Xosé Pena Sayáns era un dos que estaban detidos neste momento acusados de "rebelión militar".

24 Margarita Nelken era unha política e pedagoga de esquerdas. Foi militante do PSOE e logo no 37 do PCE. Foi deputada durante a República. Era escritora, xornalista, crítica de arte, sindicalista, feminista e moi interesada nas reformas pedagógicas. Era anticlerical, polo que promoveu o ensino laico e a expulsión das monxas dos hospitais e asilos. Morreu no exilio en México o 9 de marzo de 1968. Alí, en México, desenvolveu un relevante labor no campo da literatura e da crítica de arte.

25 Durante a guerra, e dado que en Cuntis había un nutrido grupo de mouros no hotel de La Virgen, que funcionou provisionalmente como hospital militar e había querido a que houbese violacións, abríronse dúas casas de alterne, que por suposto tamén eran frecuentadas por homes da vila. Unha era precisamente a de Marina do Pazo e outra a de Amelia, en Trasponte. De aí a célebre cantiga popular: Onde estiveche esta noite / grandísimo calavera? / un pouco na de Marina / e outro pouco na de Amelia. 26 O meu agradecemento a Manuel Igrexas por facilitarme algúns destes datos.

27 No sumario é denominado indiferentemente como "Victorio" ou "Victoriano".

28 Parece ser que el non tivo tantas contemplacións como as que tiveron con el. Pois ao parecer interveu en varios *paseos* dalgúns esquerdistas da contorna, xunto con outros coñecidos militantes de Falanxe.

29 MAGARIÑOS SUEIRO. A., "Represión e morte en Cuntis durante a guerra civil e a posguerra. O caso do fuxido Sabino Sueiro", cit.

30 A pesar de que non fixera máis que seguir ao seu tío nalgúns dos actos políticos e de que só tiña 19 ou 20 anos, tivo que pasar algúns anos na cadea, e sorte de que a cousa parara ái.

31 Refirese a un grupo de milicianos armados que se dirixían a Pontevedra desde Lalín.



32 Concretamente dise que reciben diñeiro da masonaría.

33 Realmente ao menos o seu líder, Antonio Aboi, era de ideoloxía anarquista, militante da CNT.

34 Estando preso na illa de San Simón e aproveitando un período de tempo en que o levaran á prisión que fora habilitada no instituto vello de Pontevedra, seguramente para declarar, foi conducido a Ponte Sampaio onde foi asasinado. No cemiterio deste lugar seguen enterrados os seus restos, ainda que non se sabe o lugar exacto.


35 Desde o citado penal envíase un escrito á de S. Simón que resulta un verdadeiro sarcasmo, a posta en liberdade do recluso despois de morto: "Tengo el honor de acusarle recibo de su atento escrito nº 852, de fecha 21 del actual, remitiendo órdenes telegráficas del Centro Directivo disponiendo se proceda a la urgente tramitación de los expedientes de libertad condicional provisional de los reclusos FRANCISCO BÚA CAROU y PABLO BAÑOS MARÍÑO, que fallecieron en la Enfermería de este Establecimiento". CAEIRO, A.- GONZÁLEZ, J. A.-SAA, C. M^a DE, *Aillados. A memoria dos presos de 1936 na illa de San Simón*, cit., p.133. Pablo Baños morrera o día 13 de setembro de 1940, e foi soterrado en Artica. Búa Carou, de Caldas de Reis, morrera o 10 de xuño do mesmo ano e foi soterrado en Berriozar. Os seus corpos ainda descansan na foxa na que foran soterrados en 1940 (apatecen nunha listaxe de nomes de presos políticos galegos mortos en San Cristóbal que publica o *Faro de Vigo* do 20-12-2006).

36 Probabelmente Xoán Xesús González debeu asistir á voda de Edilberto pois como sucedía no caso de Antonio Ríos tamén reproduce unha nota no tempo en que está na redacción do diario santiagués *El Compostelano* en agosto de 1933 e que sen dúbida foi redactada por el ou a petición súa: "En esta iglesia parroquial contrajeron matrimonio los jóvenes D. Edilberto Lois Couso y la Srita. Josefina Ares Pego. Los numerosos invitados a la ceremonia fueron luego espléndidamente obsequiados. Deseamos al nuevo matrimonio muchas felicidades." "De Cuntis", *El Compostelano* (Santiago, 7-8-1933).


37 SEIXO PASTOR, M., "Os nosos músicos. As bandas de música no concello de Cuntis", *A Taboada* nº 6 (Cuntis-Moraña, decembro de 2002).

38 Hoxe coñécese como a plazoleta, ou a praza das Árbores; esta praza que antigamente era o eirado do pazo urbano no que hoxe está a Casa da Cultura Roberto Blanco Torres. Cando este terreo se abriu para formar parte do patrimonio público do concello, durante algún tempo era denominado como a Horta das Señoritas, en relación ás fidalgas que veraneaban na casa. Mágoa que se perdease tan suxestivo nome.

39 Se daban mesmo casos de persoas que para sobrevivir en S. Simón chegaban a comer mesmo ratas. Isto era habitual nos anciáns que chegados desde distintas zonas do Estado, especialmente de Andalucía e Estremadura, e non tendo ningún familiar perto que lles puidese achegar algún alimento, morrían como moscas por desnutrición mais tamén de frío, da humidade e das más diversas doenças.



Informes do primeiro alcalde franquista e delegado de orde pública, Antonio Guerra sobre algúns dos esquerdistas cuntienses. Estes informes foron bastante más benévolos que os da Garda Civil, que por respecto ás familias prefiro non reproducir



- política actuó en las elecciones del 16 de Febrero con los del Frente Popular, quizá con el fin de obtener beneficios para su establecimiento de ultramarinos que tiene en el lugar de Meira(en la actualidad clausurado)Se dice que intervino para que pusiesen en libertad a un falangista detenido en esta villa.
- 18-Manuel Sueiro-De ideas marsistas,parece se hallaba ausente el dia de los sucesos de Julio.
- 19-Avelino Torres-Extremista que actuó en contra del movimiento salvador de España.
- 20-Santiago Hervés-Actuó como izquierdista en los sucesos de Julio.
- 21-Aurelio Rey García-Su conducta pública y privada es buena,respecto a la política parece estar afiliado a la Organización de Trabajadores de la Enseñanza;simpatizó con los del Frente Popular.
- 22-Manuel Torres García-Nada hay en contra de su conducta social y política siendo buena,no habiendo tomado parte en los sucesos de Julio.
- 23-Raúl Iglesias Villar-Es de ideas izquierdistas no teniendo conocimiento actuase en el movimiento del 20 de Julio pasado.
- 24-Ramiro Sanjiao Salvado-Agente municipal,no tiene mala conducta social y en cuanto a la política parece que más bien actuó en favor del movimiento salvador.
- 25-Antonio González-Guardia Civil-Este sujeto si bien parece actuó al lado del Ex-alcalde,sin embargo prestó después auxilio al Puesto de la Guardia Civil.
- 26-Francisco Sueiro Rodríguez-Individuo de ideas izquierdistas.

27-Gerardo Ferreiro Ferro-Actuó como izquierdista en los sucesos pasados y como encapetero.

28-Jesús Mesejo-Izquierdista que con frecuencia se pone beodo.

29-Sabino Sueiro-De conducta social y política mala,actuando con actividad en contra del movimiento salvador de España el dia 20 de Julio.Según dicen es un individuo peligroso para la sociedad,habiendo desaparecido cuando hubo orden de deportarlo.

30-Manuel Rodríguez-Ex-alcalde,desaparecido de mala conducta social y política,principal dirigentes en este Municipio tanto en las elecciones de Febrero como en los sucesos de Julio en contra del movimiento salvador de España.

31-Ramiro Campos-(Debe ser el lugar de la Casilla,parroquia de Arcos) De este sujeto no se sabe haya tomado parte en los sucesos del 20 de Julio y solo se dice que en el establecimiento de su padre,sito en la Casilla,había reuniones de izquierdistas a las que asistía el Ex-alcalde y Sabino Sueiro.

Dios guarde a V.S.muchos años.
Cuntis 26 de Noviembre de 1.936.
El Delegado de Orden Público.
Antonio Gueira

REGISTRO CIVIL DE *Silleda*

Número 304

Distrito de *Silleda*

NOMBRES Y APELLIDOS

Un sujeto desconocido

Pazos.

En *Silleda*, provincia de *Pontevedra*, a las *diez y cuarenta y cinco* minutos del dia venti de Septiembre de mil novecientos treinta y seis, ante D. *José Vilares La-mela*, ex Juez municipal en *muñoz* y D. *Comiso Cortizo Noguera*, Secretario, se procede a inscribir la defunción de *Eduardo*.

Un sujeto de sexo varón, como de treinta y uno años natural de _____ provincia de _____ hijo de D. _____ y de D. _____ domiciliado en _____ de _____ número _____ piso _____ de profesión _____

Que fui hallado en "Casa Carballeira" fallecido en la parroquia de Paros de este municipio y probablemente falleció pasada de setenta y dos horas

a consecuencia de (3) hemorragia interna según resulta de (4) la autopsia y reconocimiento practicado y su cadáver habrá de recibir sepultura en el cementerio de Paros.

Esta inscripción se practica en virtud de (5) mandato judicial requiriéndose constar que el referido sujeto estaba sometido a recién nacido y convaleciente y muerto negro

consignándose además (6) Que no se encuentra documento alguno en su poder

*habiéndola presenciado como testigo D. *Antonio Fernández* Cotomiro y D. *Julián Otero* Doto*

*mayores de edad y vecinos de *Silleda* y Paros respectivamente*

Leída esta acta se sella con el de este juzgado y la firma el señor Juez con los testigos (7)

de que certifico.

Certificado de defunción do alcalde Manuel Rodríguez



REGISTRO CIVIL DE Silleda

Número 310

Distrito de Silleda

NOMBRES Y APELLIDOS

José Sergio González Paros

Paros

En Silleda _____, provincia de Pontevedra, a
las once y quince minutos del dia veinte y uno de Septiembre
de mil novecientos treinta y seis, ante D. José Villares La-
metta _____ ex Juez municipal en jomiuas
y D. Camilo Cortés Noguera _____ Secretario

se procede a inscribir la defunción de Don
Sergio González Paros _____ de cuarenta
y seis años natural de Comillas _____ provincia de Pontevedra
hijo de D. Manuel _____ y de D. a. Estrella _____
domiciliado en la ciudad de Comillas _____ fruto de
puros de profesión _____ y de estado

(1) Casado en primera nupcial con Carmen Fernández Suárez de cuya matrimonio nació como hijo a María, Manuel, Sergio, Lilia y José
falleció en febrero de dos mil ochenta y un, del de grane al
diez y siete del actual mes _____, a
consecuencia de (2) Hemorragia interna según resulta de (4)
Carta-orden de Subsecretad _____ y
su cadáver _____ recibió sepultura en el cementerio de Paros re-
pido

Esta inscripción se practica en virtud de (5) Carta-orden
de la Superioridad del partido _____

consignándose además (6) Que hizo testamento ante
el Notario de Cabras de Reyes D. Censo
Gómez Giron Mallo _____

habiéndola presenciado como testigo D. Manuel Sobrado
Gómez _____ y D. César González San-
martín mayores de edad y vecinos de Fiestras
y Silleda respectivamente _____

Leída esta acta se sella con el de este Juzgado y la firma el señor
Juez con los testigos (7)

Certificado de defunción de Sergio González. Ao igual que no caso do alcalde,
nun certificado anterior figuraba como «Un sujeto desconecido» até que o seu
corpo foi identificado e emitiron este novo. En ambos casos figura como motivo
da morte “Hemorragia interna”

